DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís
Referencia: FOIO0B/2027
Expediente : 2026000028021

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 2026/47328, DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2026, POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE POLÍTICAS DE XÉNERO NO ANO 2027. (FOIO0B / 2027)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o erro material detectado na numeración da aplicación orzamentaria consignada nas bases reguladoras da convocatoria de referencia,

RESOLVO:

Modificar a Resolución de Presidencia número 2026/47328, de data 30 de outubro de 2026, pola que se avoca a competencia para a aprobación das bases reguladoras e se aproban as bases e a convocatoria do Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2027 (FOIO0B/2027), no sentido seguinte:

Onde di:

Aplicación orzamentaria	0611/23122/781

Debe dicir:

Aplicación orzamentaria	0612/23122/781

Onde di:

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 60.000 €, con cargo á partida 0611/23122/781 do Orzamento ordinario para 2027. As axudas a conceder terán un máximo de 28.000 €.

Debe dicir:

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 60.000 €, con cargo á partida 0612/23122/781 do Orzamento ordinario para 2027. As axudas a conceder terán un máximo de 28.000 €.

Onde di:

Cuarto. Cuantía

El importre de la consignacion asciende a un total de 60.000 €, con cargo a la partida 0611/23122/781 del Presupuesto ordinario para 2027. Las ayudas a conceder tendrán un máximo de 28.000 €.

Debe dicir:

Cuarto. Cuantía

El importre de la consignacion asciende a un total de 60.000 €, con cargo a la partida 0612/23122/781 del Presupuesto ordinario para 2027. Las ayudas a conceder tendrán un máximo de 28.000 €.

Polo tanto, o texto definitivo da resolución será o seguinte:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2027.", e vistos os informes do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2027.", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2027.", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2027., de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO EN POLÍTICAS DE XÉNERO NO ANO 2027 (FOIO0B/2027)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Civís
Sección	Sección de Igualdade e Dereitos Civís
Anualidade	2027
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para investimento en políticas de xénero no ano 2027
Entidades beneficiarias	Entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais con sede social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma.
Programa	FOIO0B/2027
Aplicación orzamentaria	0612/23122/781
Importe da convocatoria	60.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Máximo 35.000 €, mínimo 750 €.
Importe da subvención que se vai conceder	Ata 28.000 euros. Outros límites: No caso de solicitar unha petición para mantemento (FOIO0A) e outra para investimento (FOIO0B) o máximo do importe que se concederá conxuntamente é de 60.000 €.

**RPT-21603607

Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Variable do 0,20 ao 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido no artigo 13.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e na seguinte normativa específica:

- Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais,transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato a e non discriminación
- Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 2º: Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a

transversalidade de xénero.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1. Obxecto

2.1.1. Servizos, programas e actividades subvencionadas

Serán obxecto desta convocatoria os servizos, programas ou actividades contemplados nesta base.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude acollida a un único código da convocatoria. O proxecto presentado poderá integrar un ou varios dos programas ou liñas de actuación previstos dentro de dito código.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicando o código e o título do proxecto (Exemplo: EI-3 Autonomía económica: fomento do cooperativismo no medio rural). De non ser así, poderá modificalas de oficio a Sección de Igualdade e Dereitos Civís . A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Igualdade e Dereitos Civís poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Igualdade e Dereitos Civís poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Códigos:

EI-1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE, EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Programas ou liñas de actuación subvencionables:

- **Programas, campañas, xornadas e obradoiros de sensiblización** dirixidos á cidadanía para a promoción da igualdade de xénero.
- **Elaboración de manuais, guías, plans, diagnoses ou estudos** en materia de igualdade de xénero.
- **Programas formativos, de capacitación ou sensibilización** dirixidos a impulsar a creación, consolidación e participación activa das mulleres nas organizacións e no tecido asociativo.
- **Programas e accións de empoderamento e dinamización** de mulleres rurais que

promovan a creación de espazos propios de encontro e debate con perspectiva de xénero, e o fortalecemento do tecido comunitario.

EI-2 FOMENTO DO EMPREGO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Programas ou liñas de actuación subvencionables:

- **Programas formativos de capacitación profesional** das mulleres que inclúan itinerarios personalizados e/ou desenvolvan accións de acompañamento e/ou axuda á busca de emprego.

- **Programas de fomento do cooperativismo ou autoemprego**, dirixido principalmente a mulleres do medio rural, en actividades vinculadas ás potencialidades da contorna, e a procura dun medio rural sustentable.

EI-3 CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADES COMPARTIDAS

Programas ou liñas de actuación subvencionables:

- **Programas e/ou servizos de conciliación** dirixidos nenas e nenos de ata 12 anos, ofertados fóra do horario escolar, en horario laboral e/ou períodos vacacionais, contando con persoal cualificado.

- **Programas, obradoiros e campañas dirixidos á poboación masculina** para o fomento de masculinidades igualitarias, o reparto equitativo das tarefas domésticas e de coidado, e o exercicio da paternidade responsable.

PROGRAMAS DE LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

Códigos:

EV-1 PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL ANTE AS VIOLENCIAS MACHISTAS

Programas ou liñas de actuación subvencionables:

- **Programas, campañas e actividades de sensibilización**, prevención, detección precoz e identificación das violencias machistas en calquera das súas manifestacións.

- **Elaboración de manuais e guías** en materia de prevención das violencias machistas en calquera das súas manifestacións.

- **Programas de intervención/tratamento integral** coas mulleres **vítimas de violencia de xénero e/ou sexual**, e coas súas fillas e fillos e persoas dependentes delas.

- **Programas de intervención/tratamento integral** coas mulleres **vítimas de trata con fins de explotación sexual**.

PROGRAMAS DE DIVERSIDADE SEXUAL, DE XÉNERO E DEREITOS LGBTIQ+.

Códigos:

ED-1 SENSIBILIZACIÓN, PROMOCIÓN DOS DEREITOS E ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS LGBTIQ+

Programas ou liñas de actuación subvencionables:

- **Campañas e actividades de sensibilización, prevención e loita contra a LGBTIfobia no ámbito comunitario, educativo, deportivo ou laboral.**
- **Elaboración de estudos, diagnoses, manuais e guías sobre a realidade, necesidades e dereitos das persoas LGBTIQ+.**
- **Accións de dinamización do colectivo LGBTIQ+, favorecendo a creación de redes de apoio e espazos de encontro seguros.**
- **Programas de acompañamento, asesoramento e atención especializada a persoas LGBTIQ+, ás súas familias e contornas.**

Os proxectos presentados dentro de cada un dos códigos deberán cumprir obrigatoriamente coas seguintes condicións técnicas:

- Código EI-2 (Fomento do emprego en igualdade de oportunidades): Os programas formativos de capacitación profesional deberán ter unha duración mínima de 30 horas formativas.
- Código EI-3 (Conciliación e responsabilidades compartidas): Os servizos de conciliación deberán incorporar de forma expresa a transversalidade de xénero e incluír actividades específicas orientadas a fomentar a igualdade, a corresponsabilidade, a prevención das violencias machistas e a sensibilización sobre a diversidade, coidando ademais a selección musical para evitar o uso de cancións sexistas.
- Código EV-1 (Prevención, sensibilización e atención integral ante as violencias machistas): Os proxectos que inclúan programas de intervención ou tratamento integral deberán dispoñer de equipo profesional especializado coa titulación requirida para a atención psicosocial ou xurídica e acreditar a coordinación formal cos Servizos Sociais Municipais, Centro de Información á Muller (CIM) ou servizos públicos de referencia do territorio onde se desenvolva a intervención.

Aqueles proxectos de sensibilización que aborden de forma conxunta a igualdade de xénero as violencias machistas e a diversidade sexual e de xénero poderán solicitarse tanto no código EI-1, EV-1 como no ED-1, atendendo ao obxectivo principal do proxecto.

Os programas de empoderamento previstos no código EI-1 poderán incorporar, entre outras, accións interxeracionais que impulsen o intercambio de saberes e a transmisión da memoria colectiva; iniciativas con enfoque ecofeminista que recoñezan o papel das mulleres na defensa e sustentabilidade do territorio; así como actividades orientadas a promover o

empoderamento na vellez e a prevención da soidade non desexada mediante o fortalecemento de redes feministas de apoio mutuo e participación veciñal.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programas recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación do dito servizo o persoal técnico da Sección de Igualdade e Dereitos Civís..

2.1.2 Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2027 e o 31 de decembro de 2027**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes que sexan expedidos antes do **16 de xaneiro de 2028**.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar unha prórroga para a realización do investimento despois dunha petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2027 ás 14:00 h**.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse os realizados con posterioridade ao **31 de decembro de 2027, con data límite para expedir os xustificantes do 15 de marzo de 2028**.

2.2. Finalidade

O obxectivo da convocatoria é apoiar ás entidades sen ánimo de lucro na realización de obras (acondicionamento, mantemento e reparación) e adquisición de equipamento para a mellora de servizos, programas e/ou actividades en materia de igualdade de xénero.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades sen ánimo de lucro con sede social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma e que cumpran os requisitos destas bases e os establecidos na ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentar as solicitudes. :

3.1. Requisitos:

3.1.1. Rexistro. A entidade deberá cumprir cos seguintes requisitos de rexistro:

A entidade solicitante deberá estar legalmente constituída como entidade sen ánimo de lucro, conforme a normativa estatal ou autonómica que lle sexa aplicable, e deberá estar debidamente inscrita no rexistro público oficial que corresponda segundo a súa natureza xurídica e ámbito territorial:

- Asociacións, Federacións e Confederacións: Rexistro de Asociacións da Xunta de

Galicia ou no rexistro público que corresponda.

- Cooperativas sen ánimo de lucro: Rexistro de Cooperativas da Xunta de Galicia.
- Centros Especiais de Emprego de iniciativa social: Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia.
- Outras entidades de iniciativa social: Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) estando inscritas na Área de Igualdade deste rexistro.

As entidades que non estean inscritas no rexistro correspondente no momento de presentar a solicitude deberán **acreditar a inscrición efectiva no momento da xustificación**.

3.1.2. Autorización administrativa para o inicio de actividades.

As entidades solicitantes deberán contar, cando así o esixa a normativa aplicable, coas autorizacións administrativas necesarias para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención. No caso de subcontratación, a entidade beneficiaria deberá garantir que a entidade ou empresa subcontratada cumpra os requisitos e dispoña das autorizacións legalmente esixibles para a realización das actividades subcontratadas.

3.2. Entidades excluídas:

Non poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades nas que concorra calquera das seguintes circunstancias:

- **Sancións ou condenas por discriminación**: Ter sido sancionadas por resolución administrativa firme ou condenadas por sentenza xudicial firme pola comisión de condutas discriminatorias por razón de sexo, xénero, orientación ou identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais, nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2007, na Lei Orgánica 1/2004, na Lei Orgánica 10/2022, na Lei 15/2022 ou na Lei 4/2023.
- **Uso de linguaxe e imaxes discriminatorias**: Utilizar na súa actividade ordinaria, nos seus estatutos, na súa comunicación pública, na web, nas redes sociais ou nos materiais do proxecto presentado unha linguaxe sexista, LGBTIfóbica ou discriminatoria, así como empregar a imaxe das mulleres ou do colectivo LGBTIQ+ de xeito degradante, denigrante, cosificador ou con connotacións que reproduzan estereotipos machistas ou fóbicos.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1. Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido.

Conta	Descrición da conta
206	Aplicacións informáticas

211	Construcións
213	Maquinaria
214	Ferramenta
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
219	Outro inmobilizado material

4.2. Gastos excluídos

- Exclúense os gastos derivados de adquisición de inmobles e construción de obra nova. Só serán subvencionables obras de acondicionamento, mantemento e reparación en construcións xa existentes.

- Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria, os seguintes:

  a) Os gastos referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria.

  b) Os gastos referidos a obras ou equipamentos que non sexan susceptibles de uso.

- Os gastos que f**ormen parte dunha obra ou fase de obra** e cuxo orzamento (da obra completa ou fase a que correspondan) supere os 35.000 €. Este requisito se comprobará na xustificación da subvención, tendo en conta as licenzas ou permisos pertinentes e o proxecto ou memoria técnica.

- Aqueles **conceptos de gastos incluídos en proxectos que xa foron subvencionados en convocatorias anteriores**, aínda que non foran executados.

- Gastos derivados de **agasallos e atencións protocolarias**.

- **Sustancias nocivas** para a saúde e gastos suntuarios.

- **Gastos de intermediarios** para a subcontratación dos investimentos cando aqueles se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

- Investimentos nas **sedes sociais** das entidades onde non se desenvolvan os programas subvencionados e centros non contemplados dentro dos códigos da convocatoria.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas,

ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son **incompatibles** con outras subvencións da Deputación da Coruña, excepto cos seguintes programas:

- FOIO0A: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento en políticas de xénero, sempre que se axunten as peticións.

Non serán obxecto de subvención os investimentos xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio. Así mesmo, non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles; neste caso, a entidade beneficiaria tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. As entidades beneficiarias deberán de poñer en marcha o servizo e/ou prestación ao que vai destinado o investimento unha vez rematado este e obtidas, de ser necesario, as correspondentes licenzas e/ou permisos.

7.2. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Para dar por satisfeito este compromiso a entidade deberá acreditar gráficamente, no

momento da xustificación, a inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña e de Igualdade de xénero a través das seguintes canles de difusión obrigatorias:

- Na páxina web ou nunha rede social. No caso de que a entidade non dispoña destas deberá facelo constar na xustificación da subvención.

- Nas obras subvencionadas. Deberán de colocar un rótulo ou placa co logotipo da Deputación nun lugar o suficientemente visible do local, que deberá permanecer no mesmo por un prazo, como mínimo, de 5 anos a contar dende a finalización das obras.

- En cada un dos equipamentos adquiridos manténdose, como mínimo, durante un prazo de 2 anos a contar dende a recepción do equipamento.

Cando varios equipamentos teñan o mesmo emprazamento só será preciso a colocación dun cartel publicitando a achega provincial.

Esta obriga entenderase, como mínimo, desde a data de concesión ata a finalización do período de adscrición obrigatoria do ben á finalidade da subvención.

7.3. No caso de presentar unha solicitude para a realización dun programa de intervención ou tratamento integral do recollidos no código EV-1 (Prevención, sensibilización e atención integral ante as violencias machistas) a entidade estará obrigada a informar e **coordinarse co concello**. No momento da xustificación, a entidade deberá achegar un informe técnico municipal de cada un dos concellos onde realizou as actuacións, no que acredite como informou e como se coordinou co concello, explicando ademais como levou a cabo as accións.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1. Valoración das solicitudes

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva tendo en conta os criterios de valoración recollidos neste apartado.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, nomearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria que non teñan relación con ningún dos/as solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

As funcións de secretaría desta comisión será realizada por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

A composición da comisión técnica aprobarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes, de forma argumentada, por inadecuación argumentada á finalidade e obxecto desta convocatoria ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda. Do mesmo xeito, poderá facelo se identifica contidos de carácter discriminatorio ou vexatorio contra persoas ou colectivos.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da valoración das solicitudes de acordo co baremo seguinte:

Puntuación máxima:	**100 PUNTOS**
A. Coeficiente de financiamento derivado da solicitude. • Entre 70% e 80%: 0 puntos • Entre 60% e 69,99%, 2 puntos • Entre 50% e 59,99%: 4 puntos • Entre 40% e 49,99%: 6 puntos • Entre 30% e 39,99%. 8 puntos • Entre 20% e 29,99%: 10 puntos	**Ata 10 puntos**
B. Impacto territorial do proxecto (concellos nos que se realiza o proxecto) • Entre 1 e 2 concellos: 0 puntos • Entre 3 e 4 concellos: 2 puntos • Entre 5 e 6 concellos: 4 puntos • Entre 7 e 8 concellos: 6 puntos • Entre 9 e 10 concellos. 8 puntos • Máis de 10 concellos: 10 puntos	**Ata 10 puntos**
C. Traxectoria e calidade da entidade en materia de igualdade • Por contar con persoal técnico de igualdade adscrito ao proxecto: 3 puntos • Por contar con premios e/ou recoñecementos outorgados por administracións públicas pola súa labor en materia de igualdade (nos últimos 10 anos): 3 puntos • Pola continuidade e traxectoria do programa: 0,5 puntos por ano ata 4 puntos.	**Ata 10 puntos**
D. Cesión dun local por parte da Deputación. Ás entidades solicitantes que teñan cedido un local para o desenvolvemento dos seus servizos por parte da Deputación Provincial da Coruña, descontaráselles 10 puntos da puntuación obtida.	**Redución de 10 puntos**
E. Proxecto técnico (segundo o recollido no Proxecto descritivo xeral da	**Ata 70**

**RPT-21603607

actividade) co seguinte detalle:	puntos
Diagnóstico e obxectivos: Pola fundamentación do proxecto baseada nun diagnóstico de necesidades reais, a definición clara de obxectivos xerais e específicos, e a súa adecuación directa ás persoas usuarias/destinatarias.	**Ata 10 puntos**
Calidade Metodolóxica e Planificación : Pola definición detallada de actividades, cronograma, técnicas participativas, ferramentas de execución e a coherencia temporal entre accións e obxectivos.	**Ata 20 puntos**
Avaliación e Impacto Pola definición dun plan de avaliación con indicadores cuantitativos e cualitativos desglosados por sexo/xénero, ferramentas de recollida de datos e avaliación de resultados e impacto social.	**Ata 10 puntos**
Coordinación e Traballo en Rede Polo establecemento de mecanismos formais de coordinación interna e externa (concellos, CIMs, servizos públicos, tecido asociativo e redes de igualdade).	**Ata 10 puntos**
Recursos materiais e humanos Pola adecuada dimensión, idoneidade e eficiencia dos recursos materiais e espazos previstos, así como pola adscrición de persoal técnico cualificado e axustado ás necesidades reais do proxecto.	**Ata 10 puntos**
Perspectiva de Xénero e Interseccionalidade Pola calidade na integración transversal do enfoque de xénero, diversidade sexual/LGBTIQ+, prevención de violencias machistas e atención á diversidade (medio rural, discapacidade, etnia, idade).	**Ata 5 puntos**
Innovación e boas prácticas Pola orixinalidade da proposta, desenvolvemento de metodoloxías innovadoras, elaboración de materiais didácticos ou audiovisuais propios, e o aproveitamento de novas tecnoloxías ou novas canles de difusión.	**Ata 5 puntos**

Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte:

- Datos de valoración: a valoración da solicitude conforme á anterior ponderación farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e coa información

especificada na solicitude no apartado de “Outros datos” onde deberán consignar toda a información requirida na plataforma SUBTEL.

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificados axeitadamente na propia solicitude da entidade.

Co obxecto de favorecer o procedemento de concorrencia competitiva non se lle requirirá a ningunha entidade a ampliación ou modificación dos datos de valoración, salvo que estes sexan necesarios para comprobar que o proxecto se adapta aos requisitos da convocatoria ou para retirar da solicitude as partes do proxecto non subvencionables segundo as bases da convocatoria.

- **Cómputo de anos da traxectoria do programa**: para computar os anos nos criterios de valoración, tomarase como referencia a data de fin do prazo de presentación de solicitudes, que se considerará data de finalización do período computable. No caso de que non se indique explicitamente a data de inicio do programa, este criterio non será valorado.

  Concellos no que se desenvolverá a actividade: Para valorar estes apartados deberase especificar cada un dos concellos. Non se valorará outro tipo de referencias xenéricas (comarca, provincia, etc.)

  Persoal técnico de igualdade: Valorarase que a entidade adscriba ao desenvolvemento do proxecto a persoal técnico de igualdade.

- **Criterios de valoración dos premios:**

  A) Contido do programa premiado: Valoraranse os premios ou recoñecementos oficiais outorgados por administracións públicas pola traxectoria da entidade no desenvolvemento de programas en materia de igualdade de xénero, diversidade sexual e LGBTIQ+, prevención e loita contra as violencias machistas.

  Non se valorarán os premios de carácter persoal obtidos por membros da xunta directiva aínda que sexa en representación da entidade

  B) Forma de obtención: Valoraranse aqueles premios outorgados por xurados constituídos por persoas expertas ou declaracións oficiais institucionais.

  En caso de dúbida, a valoración queda ao criterio da comisión técnica.

8.2. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións seguirá o procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobada por resolución da Presidencia.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

Reformulación: Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención. No

entanto, cando a entidade beneficiaria considere que non pode realizar a totalidade do investimento subvencionado, poderá reformular a súa solicitude co obxecto de poder solicitar subvención en futuras convocatorias para os conceptos de gasto que forman parte do proxecto subvencionado e que non se vaian executar. Esta reformulación suporá a nova valoración da solicitude.

A entidade poderá solicitar a reformulación dentro do prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional das subvencións. Na resolución de concesión definitiva aprobarase, se procede, a reformulación solicitada e manteranse as condicións de concesión da subvención. No seu caso, minorarase o importe que corresponda. Calquera cambio que se aprobe reflectirase no apartado de datos económicos do expediente de solicitude.

Cambio de conceptos de gasto soamente poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional e, no seu caso, aprobaranse na resolución de concesión definitiva.

En canto ao cambio de **lugar de realización** da actividade, poderá solicitarse en calquera momento, antes do inicio da execución do programa.

Os cambios de concepto de gasto e os de lugar de realización deberán contar co informe favorable do persoal técnico da unidade tramitadora do expediente.

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2028**, ás 14:00 horas.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga, o prazo para a xustificación das subvencións rematará o15 de maio de 2028**de 2028, ás 14:00 h**.

9.2. Requisitos para o pagamento

Para o pagamento da achega a entidade deberá xustificar a realización do investimento mediante a presentación da documentación recollida no Anexo II e practicándose as reducións oportunas de acordo co artigo 30.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña ou no caso de observarse un exceso de financiamento.

Os investimentos deberán axustarse ao orzamento aprobado na concesión definitiva e que figurará en cada expediente de solicitude.

9.3 Perda do dereito e reintegro

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións e compromisos:

- A entidade que represento **cumpre todos os requisitos** esixidos ás entidades solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención **comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos** recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

- A entidade que represento non presentou ningunha solicitude de subvención á Deputación da Coruña para o exercicio subvencionado non compatible con esta (só é compatible coa FOIO0A) e comprométese a non solicitala, salvo que nas bases da súa convocatoria expresamente a fagan compatible coa convocatoria FOIO0B ou que renuncien previamente a esta subvención.

- A entidade que represento comprométese a levar a contabilidade e a arquivar e conservar a documentación xustificativa segundo o disposto nos artigos 6.3 e 6.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

- A entidade que represento comprométese a facer un **seguimento contable específico** dos gastos e recursos específicos ou afectados do proxecto ou actividade para a que se solicita subvención e a engadir unha nota específica na Memoria das Contas anuais, na que se debullen os recursos aplicados a cada unha das actividades realizadas (no caso de que realicen varias)

- A entidade que represento comprométese a utilizar a **lingua galega** no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada (sen que isto exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas), e a dar cumprimento áss obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

- A entidade que represento comprométese a contar con **persoal con formación específica** en igualdade de xénero, violencias machistas e/ou diversidade sexual e dereitos LGBTIQ+ para a execución e desenvolvemento do proxecto subvencionado.

- A entidade que represento non utiliza na súa actividade ordinaria unha **linguaxe sexista, LGBTIfóbica ou discriminatoria**, nin emprega a imaxe das mulleres ou do colectivo LGBTIQ+ de xeito degradante, denigrante, cosificador ou con connotacións que reproduzan estereotipos machistas ou fóbicos. Así mesmo, comprométese a tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero, e a recoller datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.

- A entidade que represento comprométese a respectar nos seus fins, obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento e organización, o **principio de igualdade de xénero e a diversidade.**

- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as **obrigas de difusión** do apoio da Deputación establecidas na Base 7.

- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual

- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos **estatutos** adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.

- Nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.

- A entidade que represento non foi sancionada nin condenada por resolución administrativa nin por resolución xudicial firme pola comisión de **condutas discriminatorias** por razón de sexo, xénero, orientación ou identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais, nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2007, na Lei Orgánica 1/2004, na Lei Orgánica 10/2022, na Lei 15/2022 ou na Lei 4/2023.

- A entidade que represento comprométese a solicitar **tres orzamentos** de distintas empresas provedoras, no caso de que contrate cun mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso de equipamentos ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e a seleccionar un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- A entidade que represento comprométese a realizar as actuacións necesarias par**a** desenvolver o obxectivo do programa

- A entidade que represento declara que as obras ou equipamentos obxecto desta solicitude non son os mesmos que aqueles xa subvencionados en convocatorias anteriores, aínda que non se chegasen a executar.

- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que

motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de acondicionamento, mantemento e reparación de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.

- A entidade que represento comprométese á obtención de **licenzas e autorizacións** preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio, cando sexa necesario.

- Declaro que o orzamento da solicitude non se corresponde a unha **obra ou fase de obra** cuxo orzamento supera 35.000 €.

- No caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases a entidade á que represento, declara que a fase para a que solicita a axuda é susceptible de utilización independente.

- A entidade que represento está inscrita u solicitou a súa inscrición no rexistro público oficial que lle corresponde segundo a súa natureza xurídica (Rexistro de Asociacións, Rexistro de Cooperativas, Rexistro de Centros Especiais de Emprego, RUEPSS na área de Igualdade ou rexistro público equivalente). No caso de que non estea inscrita, a entidade comprométese a acreditar a súa inscrición xunto coa xustificación da achega.

- A entidade que represento dispón, ou ten solicitadas, as autorizacións administrativas esixibles para as actividades subvencionadas e que, en caso de subcontratación, a entidade ou empresa subcontratada cumpre igualmente cos requisitos e autorizacións legalmente requiridas.

- No caso de presentar unha solicitude para a realización dun programa de intervención ou tratamento integral do recollidos no código EV-1 (Prevención, sensibilización e atención integral ante as violencias machistas), a entidade que represento comprométese a informar e coordinarse con cada un dos concellos onde realice a actividade.

Documentos:

- Certificación acreditativa do **acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos e, no seu caso,número de persoas asociadas.**

- **Proxecto descritivo xeral da actividade** que se vai realizar.

  Deberán achegarse todos os datos para os efectos de valoración da solicitude. Non se valorarán aqueles apartados que non sexan cubertos.

- **Estatutos da entidade** adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente, no caso de non telos presentados en exercicios anteriores.

- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con **persoas físicas ou xurídicas vinculadas** á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo

29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.

A solicitude de autorización deberá presentarse coa solicitude de subvención. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da presentación coa persoa vinculada.

- **Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social** nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

- **Tres ofertas** de distintas empresas provedoras cando o gasto fora superior a 15.000 € (IVE excluído) pola adquisición de equipamento ou 40.000 € (IVE excluído) pola realización de obras. Poderá aportarse no momento da xustificación da subvención.

- **Documentación adicional no caso de obras:**

    - Declaración do **dereito real** que se posúa sobre o ben inmoble (propiedade, arrendamento ou cesión con especificación do prazo de vixencia, etc.

    - No seu caso, declaración da persoa propietaria do inmoble na que autoriza á entidade solicitante a realizar as obras ou actuacións previstas no proxecto presentado, e na que manifesta a súa conformidade co cumprimento das obrigas relativas ao destino do ben durante o período de adscrición de cinco anos ao uso para o que foi concedida a subvención.

    - **Proxecto técnico de obra ou memoria valorada** cando as normas específicas o requiran. Poderá aportarse no momento da xustificación da subvención.

    - No caso de que os investimentos se realizaran por fases, deberán achegar un **programa da súa execución** onde se indique o número total de fases das que consta o proxecto coas prestacións que se van realizar en cada unha delas, as fases xa realizadas, as que quedan por realizar, e a fase para a que se solicita a subvención. As sucesivas propostas que se formulen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da solicitude de acordo con estas bases.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as **obrigas de difusión** do apoio da Deputación establecidas nas bases.

- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara **contacto habitual con menores**, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

- A entidade que represento n**on ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada** pola da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- **No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar**, ou se aplique algunha das reducións contempladas na base 9 ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento presenta a **xustificación fóra do prazo** establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

- A entidade que represento utilizou a **transversalidade de xénero** e a perspectiva de diversidade mediante o emprego dunha linguaxe inclusiva, non sexista e non LGBTIfóbica, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e recolleu datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.

- A entidade que represento utilizou a **lingua galega** na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.

- A entidade que represento contou con **persoal con formación específica** en igualdade de xénero, violencias machistas e/ou diversidade sexual e dereitos LGBTIQ+ durante a execución e desenvolvemento do proxecto subvencionado,

- A entidade que represento dispón das **autorizacións administrativas esixibles** para as actividades subvencionadas e, se é o caso, comprobouse que a entidade subcontratada que implementará o programa ou servizo conta coa dita autorización.

- **Declaro que a entidade que represento** adscribiu os bens aos fins e intereses que motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de dous anos

acondicionamento, mantemento e reparación mobles e de cinco anos para o acondicionamento, mantemento e reparación bens inmobles e comprométese a manter a dita adscrición.

- Declaro que a entidade que represento cumpriu coas **obrigas e compromisos** asumidos na solicitude

Documentación:

- Acreditación da **delegación de presidencia** e/ou certificación de **cargos** da entidade cando se produciran variacións respecto dos datos expostos na solicitude.

- **Memoria xustificativa**.

- **Relación clasificada dos gastos realizados:** Documento descargable en SUBTEL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación.

  No rexistro dos gastos realizados figurará a identificación da persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais.

  En cada gasto rexistrado deberá anexarse a factura ou documento xustificativo correspondente ao dito gasto.

- **Relación dos ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade

- **Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE** e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

- **Proba documental** dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.

- No caso de contratar cunha mesma empresa subministracións por máis de 15.000 € (IVE excluído) ou obras por máis de 40.000 € (IVE excluído), deberá achegar os **tres orzamentos** solicitados e a xustificación da elección cando a oferta seleccionada non sexa a máis ventaxosa económicamente.

- Autorizacións ou licenzas preceptivas, cando as normas específicas o requiran.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social.** Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

**RPT-21603607

- **Documentación adicional no caso de equipamentos:**

  - Certificación da recepción do equipamento, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no libro do inventario da entidade.

  - Facturas do equipamento.

  - Fotografía do equipamento.

- **Documentación adicional no caso de obras:**

  - Autorizacións o licenzas preceptivas, no seu caso.

  - Acta de recepción da obra, identificando as obras realizadas.

  - Fotografía da obra,

  - Proxecto técnico ou memoria valorada, cando as normas específicas o requiran.

  - Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.

  - Facturas da obra.

- Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova **conta bancaria**:

  - Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.

  - Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

- **Acreditación do rexistro efectivo e autorizacións** correspondentes, ás que se refire a Base 3, no caso de non telo acreditado con anterioridade. No caso de programas de intervención ou tratamento integral do recollidos no código EV-1 (Prevención, sensibilización e atención integral ante as violencias machistas) a entidade deberá achegar un informe técnico municipal de cada un dos concellos onde realizou as actuacións, no que acredite como informou e como se coordinou co concello, explicando ademais como levou a cabo as accións, de acordo co establecido na base 7.3.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da xustificación de acordo con estas bases.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarias

Entidades privadas sen ánimo de lucro con sede na provincia da Coruña ou que acreditaren que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

Segundo. Obxecto

Gastos de inversión de programas en políticas de xénero, concretamente os seguintes: - Programas de promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. - Programas de loita contra as violencias machistas. - Programas de diversidade sexual, de xénero e dereitos LGBTIQ+

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 60.000 €, con cargo á partida 0612/23122/781 do Orzamento ordinario para 2027. As axudas a conceder terán un máximo de 28.000 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña

CASTELLANO

Primero. Beneficiarias

Entidades privadas sin ánimo de lucro con sede en la provincia de A Coruña o que acrediten que las actividades objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia.

Segundo. Objeto

Gastos de inversión de programas en políticas de género, concretamente los siguientes: - Programas de promoción de la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres. - Programas de lucha contra las violencias machistas. - Programas de diversidad sexual, de género y derechos LGBTIQ+.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importre de la consignacion asciende a un total de 60.000 €, con cargo a la partida 0612/23122/781 del Presupuesto ordinario para 2027. Las ayudas a conceder tendrán un máximo de 28.000 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 20 de noviembre de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 18 de diciembre de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa se realizarán por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña.